

**Prazas xuvenís dentro do programa ACCION D VERAN-
2009 + 18 ANOS**



A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade convoca o programa accion d´veran -2009 para mozos de 18 a 35 anos.

Actividades +18

ACCIÓN DE VERÁN 09 (de 18 a 35 anos)

Os desprazamentos ata as instalacións correrán pola vosa conta. Os que posuades carné xove ou carné máis teredes un desconto do 25% sobre os prezos establecidos neste folleto. Os que posuades o título de familia numerosa teredes un desconto do 50% sobre os prezos establecidos neste folleto. Ambos descontos non son acumulables.

RESERVA DE PRAZAS

Só podedes reservar dúas prazas.

A reserva podédelas facer a partir do día 9 de marzo, nos servizos de xuventude das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Unha vez que fagades a reserva da praza tendes un prazo de 48 horas, contando desde o día seguinte a aquel no que fixerades a reserva, para:

- Facer efectiva a cota de participación, segundo as instrucións que se comunicarán no momento de facer a reserva da praza.

- presentar, no servizo de xuventude correspondente ou por correo electrónico ou fax específico de cada actividade:
- . Xustificante do pagamento da cota
- . Fotocopia do DNI por ambas as dúas caras
- . Fotocopia do carné xove ou carné máis, de ser o caso
- . Xustificante da condición de familia numerosa

De non presentardes a documentación no prazo de 48 horas perderedes o dereito á praza.

Máis información:

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/actividades18>

OMIX AS PONTES DPTO DE CULTURA 1º PRANTA CASA DOPESO